

CONCURSO DE TRASLADOS ADMINISTRACIÓN XERAL: PRESENTACIÓN SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTOS PROCEDIMIENTO DE XUSTIFICACIÓN DE MÉRITOS E REQUISITOS

Santiago de Compostela 21/03/25

Publicada en DOG a [Resolución de apertura do período de presentación de solicitudes de elección de postos de traballo e o procedemento de xustificación da posesión de méritos e requisitos do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

Desde o 24 de marzo ata o 11 de abril de 2025

SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTOS:

- Como persoa concursante podes solicitar **POR ORDE DE PREFERENCIA** os postos ofertados no **ANEXO I** da resolución de convocatoria, aos que se engadirán as potenciais resultas consecuencia das solicitudes de participación.
- A relación de postos ofertados publicarase en:
<https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados/>
- A solicitude debes **presentala electronicamente**.
- Entenderase que **renuncias a participar** no concurso si formulaches solicitude pero **non presentas solicitude de elección de postos** de traballo.
- Se na solicitaches **ADAPTACIÓN DE POSTO**, debes xuntar **OBRIGATORIAMENTE** un informe do órgano competente que acredite a procedencia da adaptación.

PROCEDIMENTO ACREDITACIÓN DE MÉRITOS E REQUISITOS:

Os méritos e requisitos específicos DEBERÁN POSUÍRSE a 5 de xuño de 2024 (fin do prazo de solicitudes de participación).

O **procedemento** de acreditación de méritos e requisitos é o establecido na [Resolución do 5 de decembro de 2023](#).

Os méritos achegaranse ao expediente persoal electrónico, a través de: <https://fides.xunta.gal>

En FIDES comprobaranse os datos que figuran no expediente:

- Si estás conforme** cos datos consultados, porque os méritos baremables neste proceso figuran no estado de validados, **non precisas realizar ningunha actuación**.
- No **suposto de non estar conforme** cos datos consultados, por non constaren ou por seren incompletos, **debes incorporar a información non rexistrada** presentando a **solicitude de**



actualización dos méritos xunto coa documentación acreditativa deles ao abeiro do establecido na Resolución do 5 de decembro de 2023.

- c) Si atopas no expediente electrónico **erros** nos méritos nos estados de «**En Trámite**», «**Validado**», «**Duplicado**» ou «**Descartado**»; debes presentar **alegacións a través de Fides** a través do formulario de reclamacións, dispoñible en: <https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados>.
- d) Os **méritos** que a **21/03/25** se atopen incorporados no expediente electrónico no estado «**acreditación documental incompleta**» **deberán ser acreditados para poder ser tidos en conta**.

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:

- A documentación que xustifique a totalidade do mérito rexistrado **presentarase** seguindo o establecido nos números **3 e 4 da instrución oitava da Resolución do 5 de decembro de 2023**, é dicir:
 - Se posúes **documentos** electrónicos orixinais ou **copias electrónicas auténticas**:
 - incorporándoas directamente no teu expediente electrónico a través de FIDES, ou
 - Cando os documentos **orixinais figuren en formato papel**:
 - presentando a documentación e o informe xerado en Fides (pestaña actualización de méritos) de maneira presencial (Rexistros).

PRAZOS:

- O prazo de:
 - Solicitud de actualización de méritos e a documentación acreditativa deles.
 - Formular alegacións.
 - Emendar o estado de «acreditación documental incompleta».
- **Remata o 11 DE ABRIL**

ESTADO DOS MÉRITOS PARA SER BAREMADOS:

- Os **méritos** e **requisitos** reflectidos no expediente electrónico no estado de **validados** serán **os que teña en conta a comisión de valoración** no concurso, sempre referidos **á 05/06/2024**.
- **Non se terán en conta** neste proceso outros **méritos** presentados polas persoas concursantes **distintos dos que figuren no seu expediente** persoal electrónico ou que se **soliciten** no expediente **ou acrediten** documentalmente con **posterioridade** ao **11/04/2025**.
- Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva **non se admitirá**, unha vez **rematado o prazo** de acreditación de méritos e para os efectos da súa valoración neste proceso, ningunha **nova documentación acreditativa de méritos**, aínda que consten rexistrados na solicitude de actualización ou modificación do expediente persoal.
- **Exceptúase** aquela **documentación** que, xustificada documentalmente neste mesmo prazo, fose **solicitada** pola persoa interesada ao organismo ou entidade competente **e non se recibise** no indicado prazo. Neste suposto, **admitirase** a súa presentación ata o momento da finalización do **prazo** para a presentación de **reclamacións ás puntuacións provisionais**.

